

do 17 de setembro ao 16 de outubro

COMPOSTELA

+

solidaria

30 DIAS

DE ACTIVIDADES

PARA MUDAR
O MUNDO

#CompostelaMásSolidaria

PROGRAMA



HORARIO DE ACTIVIDADES

- 11:30** Almorzo de Comercio Xusto
- 12:00** Contacontos “Esta historia é a pera”
- 12:00** Gravación en directo dun programa de radio da man de AGARESO
- 13:00** Charla “Migracións forzosas: Tres historias de vida”
- 15:00** Xogos Cooperativos
- 17:00** Micro aberto para proxectos sociais. Contarán a súa experiencia Prestogal, Asociación Raíces do Lusco e calquera que queiran compartir a súa andaina.
- 18:00** Obradoiro de Tecnoloxías Apropriadas. Construción de xoguetes, filtros de auga e bomba de mecate con materiais reutilizados.
- 19:30** Concerto de peche con Alberto Mvundi

ACTIVIDADES PERMANENTES

Postos de información e venda de alimentación e artesanía

Exposición “A Comunicación para o Desenvolvemento en imaxes”

ACTIVIDADES

mércores

21 de set.

OBRADOIRO

A REVOLUCIÓN DOS COIDADOS

// 19:00 horas

// Centro Sociocultural Brañas de Andrés

// A partir de 10 anos

Neste obradoiro, dinamizado por InteRed, proxectaranse distintas curtometraxes sobre a ética dos coidados. Logo, haberá unha mesa redonda na que participará parte do movemento social activo do barrio e na que se reflexionará sobre a “crise dos coidados” e sobre a necesidade de poñelos no centro da vida.

OBRADOIRO

TEATRO-FORO

// 19:30 horas

// Centro Sociocultural de Santa Marta

// De 12 a 16 anos

Tes entre 12 e 16 anos e gústache o teatro?
Este é o teu obradoiro!

O grupo de Teatro da Asemblea de Cooperación pola Paz organizará unha sesión de Teatro Foro que xirará arredor da interculturalidade e a tolerancia. Ademais de desfrutar da representación da peza, terás a oportunidade de ser actor ou actriz por un día e participar e reflexionar colectivamente sobre problemas expostos.

noves

22 de set.

OBRADOIRO LÚDICO-ARTÍSTICO PARA

REFLEXIONAR SOBRE AS DISTINTAS CULTURAS

// 17:30 horas

// Centro Sociocultural de Santa Marta

// De 6 a 12 anos

A rapazada poderá desfrutar dun obradoiro onde se mistura arte e creación co obxectivo de reflexionar sobre as diferentes culturas do mundo. Este obradoiro está impartido por Taza Lunar en colaboración coa Asemblea de Cooperación pola Paz.

OBRADOIRO

DÁLLE UNHA NOVA VIDA AO TEU ORDENADOR!

// 18:00 horas
// Centro Sociocultural O Ensanche
// A partir de 14 anos

Trae o teu vello ordenador para darlle unha segunda vida! Dende a ONGD Enxeñería sen Fronteiras axudarannos a instalar outros sistemas operativos baseados no software libre que nos permitan seguir empregando ordenadores que dabamos por perdidos.

XOGO-PERFORMANCE **GLOBALIZACIÓN E INTERDEPENDENCIA**

// 18:30 horas
// Praza Roxa
// Para todos os públicos

Gústanche os xogos de rol? Non perdas esta performance sobre desigualdades na que Solidariedade Internacional Galicia convidará a participar todas as persoas que se acheguen á praza. Será divertido!.



OBRADOIRO **CONTRAPUBLICIDADE**

// 18:00 horas
// Centro Sociocultural de Conxo
// De 13 a 17 anos

A ONGD Asociación Galega de Reporteiros Solidarios propón un obradoiro creativo e divertido: modificaremos anuncios publicitarios para convertelos en mensaxes de denuncia da sociedade de consumo. Seremos guerrilla de comunicación!

CINE PARA **DESAPRENDER A VIOLENCIA**

// 19:00 horas
// Centro Sociocultural de Vite
// De 5 a 8 anos

Cine para divertirse, coñecer unha historia e aprender dende o diálogo. Será da man da ONGD Educo e coa proxección de “Como adestrar o teu dragón”.





sábado

24 de set.

OBRAIDOIRO

COÑECENDO O COMERCIO XUSTO A TRAVÉS

DA COCIÑA

// 11:00 horas

// Centro Sociocultural Fontiñas

// De 6 a 12 anos

Solidariedade Internacional Galicia propón un obradoiro de repostería infantil no que se empregarán ingredientes de Comercio Xusto e agricultura ecolóxica. Para aprender dende a experiencia e co mandil posto!



mañtes

27 de set.

CHARLA

A SITUACIÓN ACTUAL DAS PERSOAS REFUXIADAS. UNHA ANÁLISE XERAL SOBRE A SITUACIÓN DA INMIGRACIÓN E O DEREITO AO ASILO E O REFUXIO

// 18:30 horas

// Centro Sociocultural de Vite

// Maiores de 16 anos

Dende a ONGD H+D darán a coñecer a actual situación das persoas refuxiadas no mundo. Explicarán cal é a política de asilo no ámbito da Unión Europea, os diferentes tratados que existen e o seu impacto sobre cuestións fundamentais como os dereitos e as obrigas das persoas refuxiadas.



mércores

28 de set.

CONTACONTOS

INTERCULTURAL

// 18:30 horas

// Centro Sociocultural de Fontiñas

// De 5 a 10 anos

Os contos serán o fío condutor para achegar realidades de países empobrecidos dende unha óptica positiva. Será da man de Solidariedade Internacional Galicia.





DOCUMENTAL

TEMPOS DE ESCOITA

// 19:30 horas

// Centro Sociocultural O Ensanche

// A partir de 14 anos

Proxección do documental “Tempos de escoita” sobre a loita das mulleres congolesas polo dereito á saúde. Da man da ONGD Farmamundi reflexionaremos sobre como afectan os roles de xénero á hora de acceder aos servizos sanitarios e medicamentos esenciais e, polo tanto, á saúde das persoas.



OBRADOIRO

CLIPMETRAXES

// 17:00 horas

// Centro Sociocultural de Pontepedriña

// A partir de 10 anos

Neste obradoiro dinamizado por Mans Unidas aprenderemos a crear vídeos de 1 minuto sobre temáticas diversas: medio ambiente, dereito á alimentación, comercio xusto ou igualdade de xénero. O obxectivo: participar activamente na loita contra a pobreza e as desigualdades.

OBRADOIRO

A REVOLUCIÓN DOS COIDADOS

// 18:00 horas

// Centro Sociocultural de Conxo

// A partir de 10 anos

Neste obradoiro, dinamizado por InteRed, proxectaranse distintas curtometraxes sobre a ética dos coidados. Logo, haberá unha mesa redonda na que participará parte do movemento social activo do barrio e na que se reflexionará sobre a “crise dos coidados” e sobre a necesidade de poñelos no centro da vida.

EXPOSICIONS

DO 15 SET. AO 16 OCT.
AS MULLERES ALIMENTAN O MUNDO

*Centro Sociocultural de Amio
Solidariedade Internacional
Galicia*

COMERCIO CON SENTIDO

*Centro Sociocultural de
Castiñeiríño
Solidariedade Internacional
Galicia*

DESDE EL SUR. HONDURAS

*Centro Sociocultural de Vite
Asemblea de Cooperación pola
Paz*

A partir de 16 anos

SÁHARA

*Centro Sociocultural de Roxos
Enxeñería Sen Fronteiras*

AUGA SEN FRONTEIRAS

*Centro Sociocultural A Rocha
Enxeñería Sen Fronteiras*

OS DEREITOS DAS NENAS E DOS NENOS

*Centro Sociocultural de Santa
Marta
Educo*

EDUCACIÓN, CAMIÑO DE FUTURO

*Centro Sociocultural A Trisca
Educo*

A EXPLOTACIÓN LABORAL INFANTIL, BANGLADESH 5 ANOS DESPOIS

*Centro Sociocultural Figueiras
Educo*

DESTINO INCERTO

*Centro Sociocultural de Conxo
Terra de Homes*

ÁFRICA: CUESTIÓN DE VIDA, CUESTIÓN DEBIDA

*Centro Sociocultural de Laraño
FISC*

FEMINIZACIÓN DA POBREZA

*Centro Sociocultural de Vite
FISC*

DO 15 SET. AO 28 SET.

AUGA PARA O

DESENVOLVEMENTO DOMINICANA E HAITÍ

*Centro Sociocultural O Ensanche
Fundación H+D*

DO 28 SET. AO 16 DE OUT.

OUTRAS REALIDADES

*Centro Sociocultural O Ensanche
Enxeñería Sen Fronteiras*

WANAWAKE: DEFENSORAS DA SAÚDE

*Centro Sociocultural de Fontiñas
Farmamundi*

ENDEREZOS DOS CENTROS SOCIOCULTURAIS

ONDE SE LEVAN A CABO AS ACTIVIDADES

Centro Sociocultural Amio

A Muiña, 63-Amio (San Lázaro)

Centro Sociocultural A Rocha

Rúa do Beado, 1- Rocha Vella

Centro Sociocultural A Trisca

Corredoira das Fraguas, 92

Centro Sociocultural Brañas de Andrés

Rúa Vistalegre, 9

Centro Sociocultural Castiñeiriño

Virxe de Fátima, s/n

Centro Sociocultural Aurelio Aguirre [Conxo]

Campo de Conxo, 15

Centro Sociocultural Figueiras

Escola de Codesas, s/n

Centro Sociocultural Fontiñas

Rúa Berlín, 13

Centro Sociocultural Laraño

Rúa Riobo, s/n – Laraño

Centro Sociocultural O Ensanche

Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16

Centro Sociocultural Pontepedriña

Rúa Amor Ruibal, 26 Baixo

Centro Sociocultural de Roxos

Villestro, Lugar de Roxos

Centro Sociocultural Santa Marta

Rúa de Antonio Rama Seoane, 6

Centro Sociocultural José Saramago [Vite]

Rúa Carlos Maside, 7

PARA MÁIS INFORMACIÓN

www.galiciasolidaria.org

981 585 189

ORGANIZA



COLABORA



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento